

Benvidos á páxina web do Concello de Viana do Bolo.

Como alcalde quero dirixir unhas palabras de benvida a todos os veciños, veciñas e visitantes deste portal municipal a través do cal se pode consultar, tramitar e dispoñer de toda a información do Concello, utilizando os novos recursos tecnolóxicos, facilitando así a accesibilidade e sobre todo a transparencia.

O meu compromiso como rexidor deste municipio é coidalo, protexelo e conseguir que sexa un lugar idóneo para vivir.

Viana do Bolo localízase no oriente ourensano, no corazón do río Bibei.

Son 271kilómetros cadrados de verdes paisaxes con altas montañas e profundos vales, onde se respira a paz do rural.

A súa maxia atópase no conxunto da súa historia, do seu rico patrimonio etnográfico e nos seus espazos naturais con árbores centenarias, que conviven cunha fauna e flora única.

Estamos orgullosos dos nosos costumes e tradicións, facendo do Entroido unha festa inolvidable que quedará gravada na retina de todas as persoas que acuden a disfrutalo.

En definitiva, desexo que esta páxina web sirva para acercar a toda a veciñanza e a todos os visitantes da nosa terra, un concello que ten moito que ofrecer.

Un abrazo.

Andrés Montesinos Rodríguez